

## Actos previstos para a celebración do Día de Rosalía de Castro 2018

---



**A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) organiza, como xa fixo en anos anteriores, un amplo programa de actos con motivo da celebración pública do Día de Rosalía, o 24 de febreiro, data do seu nacemento.**

A AELG busca institucionalizar ese Día de Rosalía de Castro como unha xornada de celebración da nosa literatura, animando á cidadanía a agasallar un libro en galego e unha flor nese día.

Ademais do acto central, que se vai celebrar o día 24 de febreiro no Panteón de Galegos Ilustres, a AELG organiza en colaboración coa súa base asociativa as seguintes propostas: [http://www.aelg.gal/actividades/dia-de-rosalia-de-castro/2018/2/24/dia-de-rosalia-de-castro-2018#Actos\\_AELG](http://www.aelg.gal/actividades/dia-de-rosalia-de-castro/2018/2/24/dia-de-rosalia-de-castro-2018#Actos_AELG)

Adicionalmente, a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega recolle na súa web cantas iniciativas de celebración do Día de Rosalía lle son comunicadas: <http://www.aelg.gal/actividades/dia-de-rosalia-de-castro/2018/2/24/dia-de-rosalia-de-castro-2018#outras-entidades>

A AELG tamén se fai eco das actividades que se desenvolven nos centros de ensino a raíz das propostas enviadas para celebraren o Día de Rosalía de Castro na



seguinteligazón: <http://www.aelg.gal/actividades/dia-de-rosalia-de-castro/2018/2/24/dia-de-rosalia-de-castro-2018#Centros-ensino>

En todos estes actos lerase o tradicional manifesto da AELG, que este ano elaborou a escritora María Reimóndez. A AELG convoca a cidadanía a participar de todas esas actividades.

También te puede interesar...

- 21/02/2018 Marcapáxinas e poemas para lembrar a Rosalía de Castro este sábado en Lugo
- 12/02/2018 Nigrán celebra o luns o Entroido Infantil no Auditorio Municipal

